



50 ANOS DE CONTAMINACIÓN E DESARRANXO AMBIENTAL NA RÍA DE PONTEVEDRA.- Resposta a Antonio Casal, Director de ENCE-Pontevedra.

Acolléndonos ao dereito á réplica, na Asociación Pola Defensa da Ría (APDR) queremos dar resposta ás opinións vertidas o pasado domingo 22 de setembro polo Director de ENCE-Pontevedra nunha Tribuna Aberta publicada no Diario de Pontevedra baixo o título “50 anos de industria forestal en Pontevedra”, opinións que perseguen como único obxectivo o desprestixio da asociación que presido.

Logo de recoñecer que durante anos as actuacións da APDR obrigaron a ENCE a acometer medidas de mellora ambiental, permítese o luxo o Sr. Casal de caricaturizar á APDR falseando a realidade de forma interesada e gratuíta; e non dubida en botar man de certos tópicos que veñen sendo difundidos desde sectores próximos a ENCE e ao Partido Popular e que nada teñen que ver coa realidade. Cando di que “e unha mágoa que a APDR pasase a converterse nunha organización ao servizo de obxectivos políticos e electorais de terceiros”, pretende o Sr. Casal converter en verdade unha mentira a forza de repetila. A APDR, antes e agora, é unha asociación plural, independente, apartidista e asemblearia, que nada ten que ver, xa que logo, con obxectivos políticos e electorais de terceiros.

E insiste tamén o Sr. Casal na mesma liña ao afirmar que a APDR é “un colectivo pouco ou nada transparente, sen novas ideas e cuns líderes que decidiron perpetuarse á fronte da asociación”; sabe perfectamente o Sr. Casal, porque hai ben pouco que dimos boa conta diso neste mesmo xornal, que a APDR nunca recibiu nin solicitou subvencións de partidos, Concellos ou Deputacións e que nos seus 25 anos de vida só recibiu 3 subvencións da Xunta de Galicia e sempre como froito da participación en convocatorias públicas competitivas. E debe saber tamén o Sr. Casal, que esa suposta decisión dos “líderes” da APDR de perpetuarse á fronte da asociación é falsa; que a continuidade de algún de nós nos cargos de representación da asociación resposta, en todo caso, á decisión dos socios e socias da APDR que ano a ano elixen á Xunta Directiva da asociación en función da liña de actuación proposta.

Moi ao contrario do que pretende facer crer o Sr. Casal, a APDR segue defendendo a Ría, segue loitando para que a súa recuperación e a recuperación dos postos de traballo derivados da explotación racional dos recursos marisqueiros e pesqueiros, da explotación racional do monte e dos recursos turísticos, sexa posíbel; e nesa loita, o principal impedimento co que se atopa a asociación é –antes e agora- a presenza do complexo contaminante ENCE-ELNOSA, un complexo que impide a recuperación da Ría e a súa explotación racional; un complexo que en última instancia impide a creación de postos de traballo e a saída da crise da comarca.

De forma premeditada esquece o Sr. Casal que a chegada de ENCE a Lourizán eliminou boa parte do mellor banco marisqueiro da Ría e as únicas praias urbanas de Pontevedra; que fixo desaparecer milleiros de postos de traballo no marisqueo na Ría e que durante moitos anos contaminou gravemente as augas que tiñan por vocación os cultivos mariños e o baño, e mesmo que –precisamente por este motivo e grazas á denuncia interposta pola APDR- ENCE foi condenada por delito ecolóxico continuado e por danos á saúde en novembro do ano 2002; esquece tamén que continúa contaminando e destruindo postos de traballo e que existe unha ampla maioría social que aspira a ver a Ría libre de empresas contaminantes, que esixe a saída de ENCE e ELNOSA de Lourizán antes do 2018 e que sabe que a recuperación da Ría e o desenvolvemento dun modelo económico sustentábel na comarca é incompatíbel coa presenza de ENCE e ELNOSA na Ría.

Non Sr. Casal, non é certo que non nos interesen os problemas da Ría; de forma continuada vimos denunciando os problemas de contaminación que impiden que as augas da nosa Ría



teñan as características necesarias para que se poidan desenvolver as actividades marisqueiras de forma normal, e mesmo a creación de mais postos de traballo na explotación racional dos bancos marisqueiros da Ría. Pero, contrariamente ao que Vde. afirma, ese problema, esa má calidade das augas da Ría, ten moito que ver coa actividade de ENCE. A vertedura diaria por parte de ENCE de milleiros de metros cúbicos de auga cargada de materia orgánica, produtos químicos e mesmo contaminación microbiolóxica nas augas de cultivo de marisco é unha das causas desa contaminación que di Vde. considerar preocupante. Non Sr. Casal, non se trata só das augas fecais, e abonda con ver os resultados das análíticas das augas de vertido de ENCE realizadas por empresas contratadas pola Xunta de Galicia para saber que en efecto –e por máis que Vde. o queira obviar- a empresa pasteira da que Vde. é director contribúe de forma importante tamén á contaminación por coliformes.

E resulta certamente patético, Sr. Casal, que fale Vde. de transparencia cando se por algo se caracteriza ENCE é pola absoluta falta de transparencia; como é posíbel senón que a día de hoxe, e logo de 50 anos na Ría, non se coñeza aínda que impostos paga ENCE no Concello de Pontevedra? Como pode ser que a poboación da comarca non saiba canto paga ENCE pola auga que consume? Canto paga aquí e canto a Augas de Galicia? Canto e onde paga polo imposto de radicación no emprazamento que ocupa en Lourizán? E non fai falta lembrar a bochornosa actuación de ENCE ao respecto dos últimos escapes de agosto, exemplo de falta de transparencia onde os haxa, e que ven sendo o comportamento cotián de ENCE nestes casos. O silencio e a negación dos feitos ata case 24 horas despois de seren denunciados pola cidadanía o di todo. Sen dúbida un exemplo de como entende ENCE a transparencia!

E, por favor, Sr. Casal, non fale Vde. de milleiros de postos de traballo nin de mandar as familias ao paro, porque a realidade é que son Vds., os directivos da empresa, os únicos que ademais de destruír emprego no sector marisqueiro, pesqueiro, forestal e turístico, levan mandando ao paro ano tras ano traballadores da súa empresa tal e como denuncian os sindicatos con implantación na mesma. E non esqueza Vde. tampouco que ENCE tivo moito tempo para buscar un emprazamento alternativo ao de Lourizán, e que neste sentido ENCE é a única responsábel se o abandono dos terreos de dominio público que hoxe ocupa supón a perda de postos de traballo entre a súa plantilla.

Na APDR somos conscientes de que todo isto impórtalle ben pouco a Vde., que a única linguaxe que coñece ENCE é o da pasta, o da pasta e o da mentira e as falsas promesas; que está Vde. convencido de que a pasta, unha vez máis, conseguirá da Administración autonómica todo aquilo que desexa, por máis que para conseguilo haxa que saltarse a lexislación. Neso, entre outras cousas, diferéncianse Vds., Sr. Casal, dos que desde a APDR loitamos de forma desinteresada na defensa dos intereses comúns.

Asinado, Antón Masa, presidente da APDR